

300.000 euros para a
eficiencia enerxética
de Salvaterra

Páxina III

Adxudicada a
reurbanización do 1º
tramo da rúa San Roque

Páxina IX

A xadrecista ponteareá
Antía Reboredo
subcampioa de España

Páxina XIV

As Neves reclama
atención sanitaria
eficiente

Páxina VIII

Romaría de
Santa Marta de
Ribarteme

Páxina IX



Máis de 100 cans participarán no I Trofeo Agility Concello de Ponteareas

Páxina VIII

Programación dos Veráns Culturais de Mondariz (pax.X e XI),
Ponteareas (pax.XII e XIII), Covelo (pax.VI) e A Cañiza (pax.XVI e XVII)

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4



CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Verán Cultural

AGOSTO 2019



1

O MUNDO A DANZAR 2019

SALVATERRA de MIÑO
29 Julio - 22h30

Exposición en los muros de la Muralla - Chile - Filipinas - Japon - Rusia

Exposición en los muros de la Muralla - Chile - Filipinas - Japon - Rusia

Exposición en los muros de la Muralla - Chile - Filipinas - Japon - Rusia

2

SÁBADO 3 DE AGOSTO

O SON DA MURALLA

Salvaterria de Miño

VÍCTOR MAGAN
DIEGA RYAZANOVA
JACK MAZZONI
DJ. CHARLIE
DJ. SONIC
FREEMERZ
ROOPI VEGAS
DAMI VILLA
DJ. OSCAR ARIAS

3

IMOS DE Guateque

10 DE AGOSTO 2019

CON DJ. E ACTUACIÓN DUN GRUPO MUSICAL

SALVATERRA DE MIÑO

4

SALVATERRA DE MIÑO

LX FESTA DO VIÑO

DO CONDADO DO TEA

23.24.25.AGOSTO.2019

- 1 O MUNDO A DANZAR 29 DE XULLO
2 O SON DA MURALLA 3 DE AGOSTO
3 IMOS DE GUATEQUE 10 DE AGOSTO
4 LX FESTA DO VIÑO 23.24.25 DE AGOSTO

Vive agosto en Salvaterra

SALVATERRA DE MIÑO

Máis de 300.000 euros para a eficiencia enerxética de Salvaterra

O Concello de Salvaterra da un paso máis na liña de aforro enerxético. Este Concello leva tempo traballando na substitución paulatina de bombillas de baixo consumo nas parroquias, e nestes días deu un paso máis coa firma, por parte da súa Alcaldesa Marta Valcárcel, dun convenio coa Deputación de Pontevedra para acceder a través de fondos FEDER a substitución de todos os puntos de luz no casco urbano, recinto amurallado e a substitución e instalación de caldeiras de biomasa na Casa do Concello, Casa de Cultura e no edificio do Xuzgado de Paz.

Estas inversións enmarcanse dentro do programa FEDER – EELL- 20019-000-559, que conta co financiamento do 80% do FEDER, achega da Deputación Provincial e coa inversión do propio Concello, cun importe global de inversión de máis de 300.000€.

O obxecto deste convenio



é a renovación da iluminación pública exterior actuando sobre 221 puntos en casco urbano e 61 no Recinto amurallado, acadando unha redución de consumo de enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos un 30%, coa substitución de lámpadas actuais por outras máis eficientes, substitución de luminarias por outras con maior rendemento e lámpadas de menor potencia de tecnoloxía LED, substitución de balastros

electromagnéticos por electrónicos, instalación de reloxos astronómicos como sistema de control da iluminación en horarios nocturnos, instalación de sistemas de regulación de fluxo luminoso mediante pre-programación da luminaria.

Ademais levarase a cabo a substitución de caldeiras cuxo combustible é non renovable por caldeiras de biomasa acadando unha redución do consumo de enerxía eléctrica.

O IES de Salvaterra premiado nunha competición internacional de proxectos de ciencias

O IES de Salvaterra de Miño participou nunha competición organizada conxuntamente pola Alianza STEM, Amgen Teach y Next-Lab concretamente na modalidade STEM Discovery Week 2019 organizada por SCIENTIX, unha comunidade para ensinanza das ciencias en Europa, co proxecto "A táboa periódica".

Esta é unha iniciativa internacional que invita a proxectos e escolas de todo o mundo a levar a cabo estudos nos campos da Ciencia, Tecnoloxía, Inxenería e Matemáticas (STEM). O obxectivo do concurso é facilitar o intercambio entre educadores de toda Europa e outras partes do

mundo e inspirar a outros mostrando unha gran variedade de pedagogías de educación STEM, metodoloxías e prácticas.

O lema da campaña deste ano é mellorar as prácticas no uso de recursos innovadores en STEM.

Os 13 gañadores, dos 108 proxectos presentados, atopáronos na European Schoolnet en Bruselas o fin de semana do 14-15 de xullo. De toda España fomos o único proxecto seleccionado.

Asemade os alumnos de 2º Bach. de Comunicación Audiovisual obtiveron a 1ª mención especial no II festival audiovisual infantil e xuvenil organizado polo museo de Pontevedra.

Campamentos de verán

Este ano o Concello decidiu dar un paso máis e estender os campamentos de conciliación do verán, que nun principio estaban enfocados aos meses de xullo, tamén a agosto.

Así este ano a oferta esténdese as catro quincenas, nas que participan máis de 100 nenos e nenas, coa opción de aula matinal e comedor, en colaboración coa ANPA.



CONDADO/PARADANTA

Manifesto da SCD do Condado, de Salvaterra

Da Sociedade Cultural e Desportiva do Condado queremos transmitir publicamente umhas breves consideraçõs ao respeito da información publicada no día 13 de junho de 2019, na edición de Vigo do jornal La Voz de Galicia, sob o título “El PP pregunta por el patrocinio de la Diputación a un festival que hace presunta apología del independentismo”.

1º.- A SCD do Condado organiza a primeira edición do Festival da Poesía no ano 1981, celebrando-se anualmente de maneira ininterrupta, exceto num breve paréntese entre 1996 e 2001, chegando no día 31 de agosto à sua 33ª edición. Um festival galego e em galego, no qual se fusiona música e

poesia e onde tenhem intervindo o melhor da cultura do noso país e de outras latitudes do mundo, com destaque para a lusofonia.

2º.- Cada edición do Festival a nossa entidade escolhe umha temática: Mi-graçom, a luta feminista, o Centenário das Irmandades da Fala, a defesa dos direitos e liberdades... som algunhas das questõs abordadas nos últimos anos. Nesta 33ª edición, a temática escolhida é a solidariedade internacionalista, o que em palavras da poetisa nicaragüense Gioconda Belli chamou a “ternura dos povos”.

3º.- Ficamos surpreendidas da “pergunta” que fai o Partido Popular ao governo em funçõs da Deputaçom de

Ponte Vedra, embora desconheçamos os termos concretos da mesma, para além da “informaçom” publicada em La Voz de Galicia.

A nossa entidade leva concorrendo a subsidios de distintas instituições praticamente desde a nossa fundaçom, entre eles os da Deputaçom de Ponte Vedra governada polo Partido Popular de Rafael Louzán ou a Junta da Galiza de Nuñez Feijó. Sobra dizer que cada euro desses subsidios recebidos foi justificado com base na lei vigente.

4º.- Desconhecemos a suposta “informaçom” que “maneja” o Partido Popular a respeito da Feira de Artesanato e Coletivos, na qual tenhem cabida todas as entidades que o solicitarem, sempre que se situem no respeito dos principios que a nossa entidade leva defendendo desde o franquismo. Nom nos consta que nengumha das entidades citadas na notícia solicitassem pôr

banca de material em nengumha das ediçõs do festival.

5º.- Ser independentista NOM é delito. Na SCD nom escondemos os nossos principios ideológicos e a defesa dos direitos nacionais como povo e a defesa do seu direito de autodeterminaçom é um deles, é por isso, por exemplo, que fazemos parte da Plataforma apartidária Via Galega.

6º.- Da SCD continuaremos a trabalhar em positivo pola nossa língua e cultura no Condado e na Galiza.

Até aqui todo o que temos que dizer sobre esta questom. Temos muito trabalho por diante como para perdermos mais tempo com esta polémica artificial.

Aproveitamos para convidar tod@s a assistir a esta nova edición do Festival da Poesía, no día 31 de agosto em Salvaterra do Minho.

No Condado, 13 de junho de 2019

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Todas nós somos a capitá

A capitá do buque Sea Watch 3, Carola Rackete, ven de ser prendida pola Guardia di Finanza na illa extremeira da Lampedusa, baixo unha desaqelada e inxusta acusación do Fiscal de Agrigento (Sicilia), o Luigi Patronaggio, quen acusou dun delito de resistencia e violencia contra nave de guerra a unha capitá que apenas cumpriu co seu deber. O Sea Watch 3 colidira levemente cun barco da devandita policía italiana cando tentaba atracar no peirao para salvar a vida dos 40 migrantes que levaba a bordo, despois de botar tres días ás portas do peirao lampedusiano agardando a licenza para achegarse á terra sen éxito. Unha licenza rexeitada pola brutalidade do Mi-

nisterio do Interior italiano, xerido polo extremodereitista Salviani.

Os sistemas xurídico-penais democráticos recoñecen o estado de necesidade como circunstancia eximente de toda responsabilidade criminal. Quen desenvolve unha conduta tipificada como delito ficará libre de toda culpa se demostra que actuou para evitar un meirande mal propio ou alleo. É evidente que a vida de 40 persoas é un interese ben máis merecente de proteccón ca a simple integridade material dunha nave policial ou mesmo ca o valor dun autoritario mandado gubernamental. Nunhas circunstancias, ademáis, onde a manobra da capitá non acadaba niveis de risco obxectivo

para a vida ou integridade física dos tripulantes do buque policial italiano.

A nosa Europa, a vella Italia, están a vulnerar os dereitos humanos dos migrantes e tamén os de cidadás europeas como a navegante alemá. Velaí xente como o viceprimeiro ministro Salvini ou o fiscal Patronaggio de Agrigento, quen amosa outravolta como varias Fiscalías europeas manteñen unha dependencia ou proximidade con cadanseu Goberno incompatíbeis co sistema demoliberal. Canto ao primeiro ministro italiano, o xurista Giuseppe Conte, amosa a súa grave ignorancia do Dereito italiano, europeo e internacional cando denuncia un suposto e gravísimo incumprimento da Lei pola capitá Rackete. Professore Conte, u-la presunción de inocencia? U-la non inxerencia no tra-

ballo da xudicatura por parte do seu Goberno?

A capitá Carola Rackete amosounos que ela xoga cos bós. Mentres que o proffessore inoperante-a quen chaman primeiro ministro-, o sociópata lombardo e o fiscal siciliano pertencen ao mundo dos que sementan o odio e o racismo nunha Europa que amosa estar tan cega diante deste caso como cando permite-polo de agora-que tres eurodeputados cataláns elixidos democráticamente ao abeiro das leis españolas non poidan asumir perante o Parlamento de Strasbourg, ao que pertencen por lexítimo mandado democrático.

Todas nós somos a capitá.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Danzar entre Culturas da man de Algazara de Celeiros

A concellería de Cultura e Lingua, que dirixe Fernando Groba e o grupo Algazara de Celeiros presenta unha nova edición de “Algazara Danzando entre Culturas” que terá lugar este domingo día 21 a partir das 22:00h no parque da Feira Vella co patrocinio da Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas.

Nesta edición participarán grupos de países como EEUU, Guinea Bissau, Martinica ou Galiza.

O Trinity Irish Dance Ensemble (TIDC) de EEUU foi fundado no ano 1990 dirixido polo director artístico Mark Howard na procura incesante de buscar medios de expresións orixinais mantendo un alto respecto pola tradición da danza irlandesa. O resultado é unha visión ar-

tística completamente nova e atractiva que vai máis aló da fonte sen perder o contacto coa súa esencia.

TIDC ten colleitado éxitos en escenarios de todo o mundo con entradas esgotadas en Europa e Asia tendo actuando no Centro Kennedy de Washington, nos teatros Joyce y New Victory de Nueva York, o Orchard Hall de Tokio e o Royce Hall de Los Ángeles, entre moitos outros.

A Associação dos Amigos da Criança fundou no ano 2000 o Grupo Cultural Netos de Bandim co obxectivo de crear un ambiente de integración sociocultural para a mocidade do barrio de Bandim nun contexto de post guerra militar (1998). Da necesidade de xerar espazos de convivencia a través



da música e da cultura para grupos da sociedade que rozaban a extrema pobreza a gañar no ano 2010 o Festival de Cultura Tradicional Africana celebrado en Gambia, este grupo, que ten actuado en escenarios de todo o mundo, traballa tamén pola educación a través da cultura.

Folklorique Group Les Bali-

siers de la Martinique naceu no ano 1966 e hoxe está presidido por Josérita Francisque co obxectivo de perpetuar a través da danza, da música e do baile a tradición e a cultura da illa Martinica.

Por último, actuarán os organizadores de “Danzando entre Culturas”, a Agrupación Folclórica “ALGAZARA” que xurdíu a

partires dunha xuntanza de mozos e mozas co afán de conservala nosa tradición no folclore, tanto na danza coma na música, aló polo mes de novembro de 1997. Os membros da agrupación repártense entre as seccións de baile, gaita e pandeireta e as respectivas escolas, con idades comprendidas entre os seis e os setenta anos.

A Feira do Libro medra e aséntase como cita obrigatoria na axenda de verán

O concelleiro de Cultura e Lingua, Fernando Groba, fai un balance positivo da terceira edición da feira do libro de Ponteareas na que abriron os seus stands oito librerías e unha editorial e pola que pasaron as e os escritores galegos máis salientables deste último ano.

Grazas á feira do libro os e as ponteareás puideron con-

versar con escritores como Raquel Castro, Beto Luaces, Isabel Blanco, María Soliño, Luís Vallecillo, Manuel Esteban, Diego Giráldez, Anna R. Figueirido, Elena Gallego, Arantza Portabales, Alberte Momán, Iolanda Zúñiga, Clara do Roxo ou Xoán Curiel.

Presentacións, sinaturas de libros, concertos, obradoiros, charlas sobre autismo da man

de Familias Azuis, a convivencia lingüística do alumnado ponteareá a través do ERASMUS+ e descontos en todos os libros foron os ingredientes que fixeron que esta feira medre e se asente atraendo, cada ano, a un público máis amplo.

Fomentar a lectura e esportar a curiosidade polo mundo das letras en todos os seus formatos son algúns dos ob-



xectivos da Feira do Libro de Ponteareas que se organiza en colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia e

que este ano contou coa colaboración especial do pregoeiro, Roi Vidal Ponte, dramaturgo e escritor.

FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

As alfombras florais de Corpus manteñen a Ponteareas no top ten das festas máis afamadas

A espera de cifras oficiais, o goberno de Ponteareas quere agradecer a todos os que fixeron posible esta nova edición das festas do Corpus. “Alfombristas, hostaleiros, traballadores municipais, comerciantes, delegacións internacionais, medios de comunicación e veciñanza en xeral conseguiron que este ano se mantiveran as cifras do ano pasado en canto a afluencia de público”, adianta o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas Giráldez, unha vez consultados os rexistros das oficinas de turismo instaladas en distintos puntos do concello e tras as conversacións mantidas con hostaleiros e comerciantes da vila.

Os hostaleiros da vial trasladan ao concello un balance moi positivo destacando que esta festividade chega a

supor unha facturación equivalente a tres meses de traballo.

A chuvia non puido apagar o brillo das nosas alfombras florais que unha vez posicionaron as festas do Corpus de Ponteareas no top ten das festas máis destacadas de Galicia.

Visitantes de toda Galicia, de Portugal e do resto do estado español ateigaron as rúas de Ponteareas e distintos medios de comunicación cubriron as distintas actividades para informativos e magazines de alcance estatal.

Os e as nosas alfombristas deixaron o seu testemuño nas diferentes entrevistas e reportaxes de prensa, radio e televisión levando o nome de Ponteareas ás canles de carácter estatal e mesmo nas súas emisións internacionais.

Catro cámaras webs permitiron que

dende calquera punto do mundo se puidera desfrutar dalgúns dos nosos tramos alfombrados que se amosaron vía dixital dende a web do concello.

Ao igual que o ano pasado, destácase a grande afluencia de público de Portugal que acudiron de xeito individual e tamén organizados en autobuses.

Ademais, visitantes de toda a área metropolitana achegáronse a divertirse co paso das carrozas etnográficas dos veciños e veciñas e da animación de rúa que acompañou non só ás carrozas se non aos e as alfombristas durante esta última semana.

A concellería de Cultura que dirixe Fernando Groba destaca a participación por décimo ano consecutivo dos alfom-



bristas de Monção e a visita da delegación de alfombristas mexicano de La Octava Noche que confeccionaron na Praza Maior unha alfombra de 14 por 7 metros e que quixeron arroupar coa súa presenza cada acto organizado polo concello.

Pola súa parte, Cristina Fernández, responsable dos eventos municipais quere agradecer a implicación de todo o persoal, de voluntarios, alfombristas e delegacións internacionais facendo posible que esta última edición mantivera o listón nas cotas máis altas.

A Corporación entregou as medallas do CORPUS 2019

A corporación do concello de Ponteareas entregou as medallas do Corpus Christi 2019 aos e ás alfombristas eleixidas por cada tramo e asociación de alfombristas. Durante o acto de entrega de medallas destacou a figura do alfombrista Ramón Gallego Prado que recibiu unha mención especial reco-

llendo a medalla o seu fillo José Antonio Gallego Álvarez. A afamada e máis representativa empresa galega de cerámica, Sargadelos, elixiu un deseño do ponteareán José Antonio Gallego para o deseño dunha bandexa que rende homenaxe ás alfombras florais do Corpus de Ponteareas; por este motivo e pola súa paixón

como deseñador de alfombras e alfombrista que o levaba a plantar durante todo o ano distintas plantas e flores e a cultivalas con mimo, o Corpus 2019 decidiu renderlle unha emotiva homenaxe na que os seus familiares e achegados destacaban a ilusión coa que vivía a confección de alfombras florais.



Vinte desempregados comezan a traballar na mellora dos espazos públicos municipais

O Concello de Ponteareas informa de que se incorporaron vinte persoas desempregadas que prestarán os seus servizos para revalorizar os espazos públicos.

Estas vinte persoas contratadas durante nove meses formarán parte do servizo municipal de obras no marco da subvención concedida pola Concellería de Economía, Emprego e Industria por un total de 197.181,61€.

En concreto contratáronse oito peóns para horticultura e xardinaría, dous auxiliares administrativos, tres peóns de vías e obras, catro oficiais para mantemento de edificios públicos, un auxiliar de museo e dúas limpadoras.

“Xerar emprego é o piar básico para o benestar. Os esforzos deste goberno están centrados en dar calidade de vida á cidadanía, mellorando os servizos municipais e espazos públicos mais tamén ofrecer unha oportunidade laboral sobre todo ás persoas en risco de exclusión”, explica Xosé Represas.

Xosé Represas configura o goberno coa asignación das áreas

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, nomeou aos concelleiros e concelleiras delegadas das diferentes áreas do goberno local.

O rexedor local resérvase a área de Facenda así como a de Urbanismo. Nesta última intégranse as políticas relacionadas co saneamento, depuración e abastecemento de auga. O planeamento urbanístico, tal e como foi pactado no acordo de goberno entre BNG e PSdG-PSOE, será compartido polo Alcalde e a edil socialista Chus Garrote, mentres a xestión urbanística cotián queda delegada na área de Bo Goberno. Xosé Represas ocuparase ademais directamente da área de Seguridade Cidadá e Emerxencias así como dunha área transversal de nova creación, Medio Urbano, desde a cal coordinará todas as actuacións das diferentes concellarías que teñan incidencia no casco urbano, ademais do deseño e execución das humanizacións.

A primeira Tenente de Alcalde, Cristina Fernández, continuará exercendo como concelleira de Educación e ademais asume a área de Eventos encargada de deseñar a programación estábel de eventos sociais, culturais, deportivos ou de tempo libre, incluídos os festexos, en coordinación con áreas como Cultura ou Deporte. Fernández ocuparase ademais da concellaría de Saú-

de e Consumo.

A segunda Tenente de Alcalde, Chus Garrote, dirixirá a concellaría de Vías, Obras e Alumeado cuxos cometidos serán a apertura de viais no rural así como o mantemento e conservación do viario urbano, ademais da dotación e conservación do alumeado en todo o termo municipal.

Roberto Mera, terceiro Tenente de Alcalde, encargárase da concellaría de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá que asume as funcións da antiga concellaría de Réxime Interior, encargada do funcionamento administrativo do Concello, ademais da atención e información cidadá, a transparencia na xestión pública, a creación e aplicación de mecanismos de participación e colaboración cidadán e de cumprimento das normas de convivencia e civismo. O nacionalista ocuparase ademais da concellaría de Medio Rural para planificar e coordinar todas as actuacións con incidencia nas parroquias. Por último asume a área de Tráfico e Mobilidade, que inclúe o transporte público.

Verónica Carrera continuará ocupándose da concellaría de Benestar Social e Igualdade. Fernando Groba asume as áreas de Cultura e Lingua. Eva Gil dirixirá a concellaría de Promoción Económica, que inclúe Comercio e Turismo, e Vanesa Fernández



encargárase da concellaría de Formación e Emprego. Rosa Covelo ocuparase da área de Medioambiente, onde se inclúen, entre outras, as competencias de recollida e xestión de residuos e os parques e xardíns. Nahir Covelo dirixirá a área de Deportes, mentres Miguel Bouzó se ocupará da concellaría de Mocidade de maneira transversal co resto de áreas de goberno. Por último, Benito Márquez continuará ocupándose da concellaría de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico ademais da área de Persoal.

O Alcalde amosouse convencido de que o reparto de responsabilidades nun goberno de doce edís “contribuirá a gañar en eficacia e capacidade para atender os grandes retos que temos por diante nos vindeiros catro anos” e animou a todo o seu equipo “a esforzarse para dar resposta ás grandes expectativas depositadas en nós pola maioría da veciñanza”.



JJ COPAS PONTEAREAS

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Máis de 100 cans participarán no I Trofeo Agility Concello de Ponteareas

A concellería de Deportes, Nahir Covelo, e o alcalde de Ponteareas presentan o I Trofeo Agility Concello de Ponteareas que terá lugar este sábado día 20 de xullo no campo municipal de Pardellas organizado por CANEDUPO.

Explica Tania López, dona de Floki e membro do equipo Canedupo, que o agility é un deporte que pode practicar calquera can ou cadela co seu dono, independentemente da súa idade, raza, tamaño... "é unha forma perfecta de crear un bo vínculo có can a través de xogo, de facer deporte xuntos e ademais de estimular o can cognitivamente".

O agility consiste en facer un percorrido de obstáculos cada vez diferente gañando o can ou cadela que o faga máis rápido e sen cometer erros.

Nahir Covelo adianta que a cita co Agility en Ponteareas é unha proba triple puntuable para o Campionato de España 2020 na que o espectador poderá ver a máis de 100 cans chegados de toda España que competirán en distintas categorías (mini, midi e standard segundo o tamaño do can) e graos: G0 para cans moi xóvenes o moi maiores que non



saltan a altura reglamentaria, G1 para cans que están a iniciarse na competición, G2 para cans que queren clasificarse para o Campionato de España e G3 para cans que queren clasificarse no mundial.

Aínda que calquera can ou cadela pode practicar este deporte co seu dono ou dona, a raza máis habitual nestes campionatos é o Border Collie, un can de pastoreo que estase a por moi de moda pero que non é para mans inexpertas, xa que se non se traballan correctamente poden acabar con moitos problemas de comportamento.

Tania López recomenda que o mellor é comezar có can que se teña na casa e tomalo coma un xogo.

Estes singulares equipos de

persoas e cánidos adestran habitualmente tres días semanais facendo obstáculos, ademais de dedicarlle tempo aos paseos, á natación, ao acondicionamento físico ou á nutrición xa que son atletas de alta competición.

Todos e todas as que queiran gozar deste espectáculo programado pola concellería de Deportes totalmente de balde, poden facelo o venres 19 a partir das 21h, o sábado 20 a partir das 19h e o domingo 21 a partir das 10:30.

A duración de cada xornada será de 4 ou 5h, o sábado ademais das probas puntuables para o Campionato de España, tamén haberá o "I Open Concello de Ponteareas", no que se repartirán máis de 2.000 euros en premios.

Máis de cen nenos participan no Campus Tea e no Verán Rural



Máis de cen nenos e nenas de Ponteareas disfrutan xa da aventura de aprender xogando no Campus Tea e no Verán Rural.

Para contribuir na mellora da conciliación laboral e familiar, a concellería de Ensino que dirixe Cristina Fernández puxo en marcha, por quinto ano consecutivo, o Campus Tea e o Verán Rural para que todos os cativos e cativas poidan aprender disfrutando nas mañás dos meses de xullo e agosto.

Dende as nove da mañá e ata as dúas da tarde os e as participantes no Campus Tea e no Verán Rural descubrirán recunchos singulares de Ponteareas, achegaránse ao mundo dos sons e da música da man do profesorado do conservatorio municipal, realizarán saídas di-

dácticas, xogarán e mergullaránse nas propostas lúdico educativas dos monitores e educadores.

Repartidos en quendas, o Campus Tea tamén dispón de horario de aula matinal para os e as máis madrugadoras, iniciándose as actividades no CEIP Nosa Señora dos Remedios ás 07:30 horas para todos os que o soliciten.

O Verán Rural tamén abriu as súas portas na parroquia de Xinzo para viaxar na segunda quenda a Prado e Guláns e continuar así con este servizo de conciliación iniciado xa en 2017 nas parroquias que o precisan.

A concelleira de Ensino estivo dando a benvinda ao alumnado do Campus Tea e na parroquia de Xinzo visitando ao alumnado do Verán Rural.

www.novasdoeixoatlantico.com

FUCO PRADO



PONTEAREAS

Adxudicadas por 122.193€ as obras de reurbanización do primeiro tramo da rúa San Roque

A empresa terá dous meses e medios para a execución das obras que comezarán de inmediato

O goberno de Ponteareas informa que ven de adxudicarse por 122.193,96€ (ive incluído) as obras de reurbanización do primeiro tramo da rúa San Roque, conseguindo un aforro de 49.499,11€ respecto ao prezo de licitación.

Un total de 21 empresas presentaron os seus proxectos elixindo a mesa de contratación a mellor oferta calidade/prezo. A empresa adxudicataria terá a partir do comezo da obra un prazo de dous meses e quince días para executala, estando previsto o comezo inmediato das mesmas.

Esta primeira fase reformará o tramo que une a rúa dos Ferreiros coa avenida de Castelao. Unha rúa que, na actualidade,

apenas ten beirarrúas e se atopa moi degradada e abandonada, onde os veciños que queren achegarse ao río deben camiñar pola calzada. Co proxecto de humanización a rúa transformarase totalmente pensando no tránsito de persoas de forma segura e cómoda.

As obras perseguen mellorar a seguridade viaria dos peóns, favorecer o uso peonil dos espazos públicos, xerar un recorrido accesible, mellorar a imaxe e calidade dos espazos urbanos, poñer en valor algunhas das edificacións de carácter histórico ou tradicional que delimitan a rúa e mellorar as instalacións de saneamento e iluminación.

Este primeiro tramo de San Roque terá espazos para os

peóns diferenciados da zona de circulación dos vehículos, mediante a formación de beirarrúas a un nivel superior e mediante a instalación de elementos físicos de protección (bolardos e balizas). Habrá dúas plataformas ao longo de toda a rúa que garantirán un percorrido accesible cunha plataforma elevada con zonas específicas para peóns e con pequenos espazos de estancia con mobiliario e arborado e con unha zona en plataforma única e preferencia peonil, que permite ampliar a zona funcional dos peóns, sen restrinxir circulación de vehículos.

Ademais, na zona de transición co casco antigo e nas zonas de estancia empregaranse dous tipos de lousas de granito,



de 8 cm para a zona de paso de vehículos, e de 4 cm para as zonas de uso exclusivo peonil. No resto da rúa empregarase un pavimento de formigón coloreado. As zonas de estancia dotaranse de mobiliario sinxelo e acorde cos pavimentos previstos (bancos de granito e madeira e papeleiras de aceiro e aluminio), e catro árbores (ginkgo biloba) que permitan humanizar e mellorar a funcionalidade destes espazos.

Tamén se renovará a rede de saneamento, cun sistema separativo que substituirá ao unitario actual. Mellorarase a iluminación mediante balizas acordes ao uso peonil dos es-

pazos, sistema que complementará ao xa existente de farois ancorados ás fachadas.

As obras executaranse con cargo á estratexia Ponteareas Hábitat Saudable aprobada pola Unión Europea e dotada con 5 millóns de euros para Ponteareas.

Esta actuación únese a outras xa realizadas como o Paseo Matutino e outras que xa están en marcha como as do Alto da Gloria, ou as anunciadas na Rúa Redondela, o parque da Feira Vella ou a Praza de Buggallal que persiguen, en palabras de Represas "transformar Ponteareas nun lugar pensado para a xente".



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41



Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATIERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA



Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ



Xullo Agosto

Sábado 6
22:30h. Cine na Rúa. Praza de Mondariz.

Domingo 7
20:00h. Reestreno da Obra teatral "Tamén Canto de Mullere...". Auditorio Municipal de Mondariz.

Sábado 13
11:00h. Carreira de obstáculos para rapaces/as "Desafío Mondariz Race". Praia Fluvial do Val. Inscripción previa.

Sábado 20
8:00h. Excursión dos Nossos Maiores a Oporto e Ponte de Lima. Ao lado da Igrexa. Inscripción previa no concello.
KDD Solidaria "Locos polo Tuning". Campo da Minada.

Domingo 21
KDD Solidaria "Locos polo Tuning". Campo da Minada.

Xoves 25
9:00h. III Andaina do Dragón. Praza de Mondariz. Organiza Asociación Deportiva de Mondariz.

Sábado 27
IV Festa Gastronómica da "CARNE ARREGLADA". Praza de Mondariz.

Domingo 28
17:00h. IV Rastrexo Infantil de Mondariz. Parroquia Meiroá. Organiza ASD Terradauga, Asociación Val do Regufe e Sportskids. Inscripción previa.

Venres 2
21:00h. Visita guiada Nocturna ao Cemiterio Municipal de Mondariz. Rúa Camposancos. Inscripción previa no concello.

Sábado 3
XXXI Festa dos Oficios Artesáns. Praza de Mondariz. Organiza CEAR Castromao.

Domingo 4
XXXI Festa dos Oficios Artesáns. Praza de Mondariz. Organiza CEAR Castromao.
12:00h. II Festa do Churrasco. Ao lado da Igrexa. Organiza Mondariz F.C.
20:00h. XXXII Festival da Muñeira. Praza de Mondariz. Organiza CEAR Castromao.

Venres 9
21:00h. Visita guiada Nocturna aos Petroglifos Pé de Mula. Explanada da Igrexa de Sabaxáns, Mondariz. Inscripción previa no concello.

Sábado 10
10:00h. Ruta en Kalak. Praia Fluvial do Ceo. Inscripción previa no concello.

Domingo 11
22:30h. Cine Na Rúa. Praza de Mondariz.

O TEU BAR
DO MOTOR!Avda. Castelao, 11.
PONTEAREAS

MONDARIZ

Mércores 14

23:00h. Concerto Óscar Ibáñez.
Praza de Mondariz.

Xoves 15

19:00h. Partido Fútbol "Festas Patronais". Mondariz F. C. - Pontevedra Club de fútbol. Campo da Lagoa. Organiza Mondariz F. C.

Xoves 15 e Venres 16

Loita entre o Mouro e o Cristián e Danzas Brancas de Mouriscados.

Sábado 17

20:30h Festa da Escuma.
Praza de Mondariz.

Venres 23

21:00h. Visita guiada Nocturna ao Cemiterio de Riofrio. Explanada da Igrexa de San Miguel de Riofrio, Mondariz. Inscripción previa no concello.

Sábado 24

Comida dos Nossos Maiores. Praia do Val.

Venres 30

21:00h. Visita guiada Nocturna aos Petroglifos de Gargamala. Explanada da Igrexa de Gargamala, Mondariz. Inscripción previa no concello.

Sábado 31

21:00h De Verbena coa Banda. Praza de Mondariz. Organiza Banda de Música Cultural de Mondariz.

PROGRAMACIÓN
Verán 2019

Concello de
Mondariz

Setembro

Domingo 1

19:00h. Actuación musical e teatral. "Cores, Contos e Rock'n'Roll e Festa de Inchables para rapaces/as. Praza de Mondariz.

Sábado 7

VIII Festa "Recordando Velloz Tempos". Praza de Mondariz. Organiza Asociación de Maiores de Mondariz.

Domingo 8

19:30h. Festival de Bandas coa participación da Banda de Música Municipal de Ribadumia. Praza de Mondariz. Organiza Banda de Música Cultural de Mondariz.

Sábado 14

20:30h - 23:30h. Proba de Orientación Nocturna "Orienta-TEA". Praia do Val. Inscripción previa no concello.

Sábado 21

17:30h. V Carreira Popular de Mondariz. Praza de Mondariz. Organiza Asociación Deportiva de Mondariz.

Sábado 28

10:00h. Ruta en bici. Saída Praia do Val. Inscripción previa no concello.

20:30h. Festival da Millaxe. Praza de Mondariz. Organiza CEAR Castromao.

A CASA
DA TRICIA

a túa casa desde 1927



Cervexas
Embutidos
Tostas
Ensaladas
Hamburguesas
Vegano
Conservas...

Praza Maior
PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS



Verán cultural
xullo agosto 2019

PONTEAREAS
CONCELLO

www.ponteareas.gal

XULLO OTTOX XULLO XULLO

Do mércores 3 ao sábado 6 II FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE RÚA.

Mércores 3 20:30h. Auditorio Municipal. Teatro "O paraugas transparente" ideada polo alumnado baixo a dirección de Roi Vidal Ponte.

Días 5, 8, 9 e 10 De 9h a 14h. Sala Multiúsos. Curso básico de Primeiros Auxilios. *Macidade Viva*

Mércores 10 21h. Auditorio Municipal. Concerto "Coro Cantemos". Sección infantil e xuvenil.

Doxoves 11 ao domingo 14 FEIRA DO LIBRO. Praza Maior. De 12h a 14h e de 18h a 22h. Postos de venda, presentación de libros, espectáculos infantís, música, visitas guiadas... Apertura: Xoves 11 ás 18h. Ás 20h. Pregón a cargo de Roi Vidal Ponte.

Venres 12 e Sábado 13 A partir das 17:30h. II Torneo Basket 3x3 Aslan. **Domingo 14** Ás 22h. Praza Maior. Concerto "Coro Gospel Vida".

Sábado 13 ás 20h. Rúas do casco urbano. Carreira nocturna "6 horas Vila do Corpus". Animación musical. Organiza: Corredores Festeiros.

Domingo 14 ás 11h. Ás Cachadas. Gran Premio Mini BTT Club Ciclista Ponteareas.

Martes 16 22:30h. Xardíns do Concello. Cine na Rúa. "Cómo entrenar a tu dragón 3".

Xoves 18 19h. Xardíns da Xiraldá. Concerto de verán da Banda da Escola de Música de Xinzo

Venres 19 ás 19h. Coñece Ponteareas. Visita guiada ao Regato da Venda e Convento de Canedo.

19h. Parque Ferro Ucha. Inauguración parque de calistenia e workout. *Macidade Viva*

21h. Igrexa Convento de Canedo. Concerto "Orquesta Clásica Divertimento".

Venres 19 ás 21h, **Sábado 20** ás 19h e **Domingo 21** ás 10:30h. Campo de fútbol municipal de Pardellas. "I Trofeo de Agility Concello de Ponteareas". Organiza: Club Agility Canedupo.

21h. Parque da Feira Vella. Rock in Río Tea. Kitai, Shandalo GZ, Gethere e alumnos do CDM, Rock School.

Sábado 20 13h. Casa Cultural de Pías. Charanga SDK. (Círculo Cultural).

21h. Parque da Feira Vella. Rock in Río Tea. Heredeiros da Cruz, Los Nastys, Zanibar Aliense, Presumido, The Levitants, El Sótano de Babel.

Domingo 21 22h Parque da Feira Vella. Festival Internacional "Algazara Danzando entre Culturas". Grupos de Guinea Bissau, Martinica, USA e a Agrupación Folclórica Algazara.

Luns 22 21:30h. Pista do Conservatorio de música. Fútbol 3x3 para menores 15 anos. *Macidade Viva*

Martes 23 19h. Coñece Ponteareas. Visita guiada á Igrexa Románica de Ansoares e roteiro polo río Uma.

